



Concello de Oia

Expediente n.º: 119/2021

Procedemento: Procedemento Xenérico

Interesado: Personal do concello, Corporación municipal e público en xeral.

Data: 27/01/2021

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Desde o pasado mes de marzo de 2020, cando o Goberno do estado decretou o estado de alarma por decreto 467/2020, para conter a pandemia xerada por COVID-19, confinando á poboación e pechando actividades non esenciais, a fin de frenar a curva de contaxios e evitar o colapso hospitalario, levamos pasado por distintas situacións, ás que fomos dando resposta, con sucesivos decretos de medidas extraordinarias e organización do traballo municipal, favorecendo o teletraballo alí onde é posible, adaptándonos ás sucesivas ordes ministeriais e á normativa ditada pola Xunta de Galicia, desde que en xuño de 2020 rematou o estado de alarma con mando unico estatal e as CCAA recuperaron as súas competencias.

A día de hoxe, estamos xa en plena terceira ola da pandemia, cun índice alto de contaxios diarios que previsiblemente farán crecer a curva durante o tempo estimado de dúas semanas aumentando diariamente a presión hospitalaria, polo que a Xunta de Galicia ven de ditar medidas moi restrictivas, as máis restrictivas desde o estado de alarma, de aplicación xeral para todo o territorio da comunidade, que se concretan na Orde da Consellería de Sanidade de 26/01/2021 publicada no DOGA nesa mesma data e que se concretan en:

- *Reunións sociais limitadas a convivintes.*
- *Municipios pechados perimétralmente de maneira individual. Non é posible saír nin entrar do municipio de residencia salvo causa xustificada.*
- *Toque de queda ás 22.00 horas.*
- *Toda a hostelería de Galicia pechada ao público : solo pode funcionar para atender servizo a domicilio ou para recoller en local.*
- *Comercio non esencial pechado desde as 18.00 horas*
- *Centros comerciais pechados en fin de semana.*
- *Comercio esencial, como son supermercados ou farmacias, entre outros, pode seguir aberto ata as 21.30 horas.*
- *Prpohibidas as visitas aos enfermos, salvo para casos de persoas dependentes.*
- *Residencias de maiores e Cenros de Día abertos.*
- *Centros Sociais, clubs de xubilados e similares, pechados.*
- *A universidade non reanudarás clases ata o 8 de febreiro e, ademáis, durante a primeira semana as clases se impartirán de maneira online.*
- *Colexios, institutos e escolas infantís permanecen abertos e funcionando*
- *Deporte individual, ao aire libre e sempre con mascarilla.*
- *Suspendidas as competicións autonómicas durante as tres próximas semanas, alomenos.*
- *Peche de ximnasios.*





Concello de Oia

- *Peche de museos, bibliotecas e calquera establecemento cultural ou social*

En esta situación que supón o nivel máximo de alerta que pode decretar unha comunidade autónoma, procede reorganizar o traballo na administración municipal, recuperando o teletraballo en todos os postos en que sexa posible, e ordenar o peche de calquera centro ou espazo público municipal para evitar a congregación de pesonas na medida do posible, ademáis de recomendar a todos os veciños que se abstengan de saír das súas casa salvo que sea imprescindible.

Por eso, nesta situación, logo de consensuar co personal do concello que ten o dereito individual de adaptación da xornada, por ser coidadores, dacordo co artigo 6 do Real Decreto Lei 8/2020, e co resto do personal, e logo de ter en conta as necesidades de atención ao público que a administración ten sempre, en uso das facultades que me confire a normativa vixente.

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar a seguinte organización presencial e a distancia do personal do concello, por departamentos:

DEPARTAMENTOS MUNICIPAIS							
	Servizos sociais	Educación social	Urbanismo	Of registro	AEDL	Xulgado Paz	Secretaría
Traballo presencial	Lu-vi 08.00-15.00 completa	Lu-vi 08.00-15.00 completa	Lu-mi/mi-vi 08.00-15.00 en semanas alternas	Diaria 08.00-15.00 Unha funcionaria cada semana	Martes e xoves 08.00-15.00	Mercores 08.00-15.00	Mercores 08.00-15.00
Tele traballo	-	-	Ju-vi/lu-ma 08.00-15.00	"	Lu/mi/vi 08.00-15.00	Resto días 08.00-15.00	Resto días 08.00-15.00
Atención pública	Lu/ma/xo 08.00-13.30 Con cita previa	Lu-vi 08.00-13.00 Con cita previa	Mi 09.00-14.00 Con cita previa	Diaria 09.00-14.00 *Unha funcionaria cada semana	Ma-xo 09.00-14.00 Con cita previa	Mi 09.00-14.00 Con cita previa	Mi 09.00-14.00 Con cita previa

ATENCIÓN CON CARGOS ELECTOS	
Alcaldía	Atención presencial lu-xo 10.00-14.00 con cita previa
Concellería Felicidade e veciñanza, cultura e servizos sociais	Atención presencial lu-mi e vi 10.00-14.00 con cita previa

SEGUNDO. A presente táboa de reorganización de servizos, horarios e presenza de empregados municipais nas dependencias municipais, produce efectos desde o día de hoxe, 27/01/2021, salvo novas regulacións que poidan resultar de obrigado





Concello de Oia

cumprimento procedentes do Estado, en funcións da evolución da situación sanitaria.

TERCEIRO. Por motivos de seguridade sanitaria, para evitar a aglomeración de xente nas dependencias municipais, a atención presencial, nos horarios e días determinados máis arriba para cada departamento, dependerá da preceptiva cita previa tramitada ou ben por vía telefónica ou ben a través da sede electrónica oia.sedelectronica.es.

CUARTO. Abondando na orde da Consellería de Sanidade, o concello de Oia comunica aos seus veciños que permanecerán pechados os centros culturais e sociais, a biblioteca e calquera clube social de uso público.

QUINTO. Notificar a presente a todo o personal, dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que celebre, e dar publicidade a través de taboleiros de anuncios, sede electrónica e páxina web municipal.

En Oia, a 27 de xaneiro de 2021.

A Alcaldesa
Cristina Correa Pombal

A Secretaria
María Cabodevila Ros

